



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2012

Ás 10.05 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para a realización da sesión, o reitor dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O reitor abre o seu informe lamentando, en nome da comunidade universitaria, o pasamento do estudante eslovaco Tomas Velicky, así como dos profesores Víctor Gulías e Bernardo Gómez Durán.

A seguir, dá a benvida aos novos vicerreitores e vicerreitoras, que tomaron posesión o pasado 13 de xaneiro de 2012: Ricardo Cao Abad (Investigación e Transferencia), Julio Abalde Alonso (Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías), María José Martínez López (Estudantes, Deportes e Cultura) Araceli Torres Miño (Campus de Ferrol e Responsabilidade Social), Natalia Álvarez Lata (Relacións Internacionais e Cooperación), Gustavo Rego Veiga (Profesorado e Planificación Docente) e Amalia Blanco Louro (Planificación Económica e Infraestruturas).

O reitor aproveita para lembrar que, para unha maior seguridade xurídica, foi publicada na nosa web a Resolución reitoral do 16 de xaneiro, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos. Hoxe mesmo sae tamén publicada esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

O Reitor dá tamén a benvida aos novos membros do Consello de Goberno por designación reitoral: Sergio Santos del Riego, decano da Facultade de Ciencias da Saúde; Fernando Agrasar Quiroga, director da Escola Técnica Superior de Arquitectura; Manuel Ángel Graña López, director da Escola Universitaria Politécnica; Ana Iglesias Galdo, secretaria da Facultade de Ciencias da Educación e Antía Pérez Caramés, profesora da Facultade de Socioloxía.



O reitor anuncia que o vindeiro día 16 terá lugar unha reunión do Consello Social, a que leva a proposta de novo xerente a favor de don Juan Manuel Díaz Villoslada. Por ese motivo, aproveita para darlle publicamente as grazas a María Xesús Grela Barreiro polos servizos prestados á institución durante a súa etapa de xerente.

Dáse conta tamén do nomeamento dos seguintes adxuntos:

- Neves Rodríguez Brisaboa, adxunta de Investigación da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia
- Jerónimo Puertas Agudo, adxunto de Transferencia da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia
- Ramón Doallo Biempica, director da Escola de Doutoramento
- María Concepción Carreiro Otero, adxunta de Infraestruturas da Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas
- Fernando Peña López, director da Oficina de Relacións Internacionais, en substitución de Berta Guijarro Berdiñas
- Ana Jesús López Díaz, directora da Oficina de Igualdade de Xénero

O secretario xeral engade que o estudante Jorge Rodríguez Longueira substitúe a Sara Martínez Rey como representante dos estudantes do Claustro no Consello de Goberno.

Refírese o reitor á reunión da CRUE que tivo lugar en Salamanca o 18 e 19 de xaneiro. Nela creouse unha comisión específica sobre o Grao da Edificación e pediúselles aos novos responsables do Ministerio que incorporasen ao correspondente Real decreto a nova denominación do Grao de Edificación. Tamén se acordou que as universidades afectadas presentasen un recurso de amparo en defensa da autonomía universitaria.

O reitor informa do envío dun borrador da Lei de universidades por parte da Secretaría Xeral de Universidades o pasado 23 de decembro. Cédelle a palabra ao secretario xeral para que informe das liñas xerais do borrador e das alegacións enviadas pola Universidade o 31 de xaneiro. O reitor indica que o vindeiro 24 de febreiro vai haber unha reunión na Consellaría para presentar o borrador oficial do anteproxecto.

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen informa que con data 31-12-2011 se publicou no BOE a convocatoria de proxectos do Plan Nacional do MINECO. O prazo de solicitudes rematou/rematará (depende das áreas temáticas) os días 7, 9 e 14 de febreiro.



En relación con esta convocatoria, o día 30 de xaneiro realizouse unha sesión informativa orientada a investigadores principais que pensaban solicitar proxecto nesta convocatoria, e non tiveron antes ningún proxecto financiado nela. Nesta xuntanza, a que acudiron 102 investigadores da UDC, a profesora Neves Rodríguez Brisaboa (adxunta de Investigación), o profesor Jerónimo Puertas Agudo (adxunto de Transferencia) e mais o vicerreitor facilitaron información sobre a convocatoria e o sistema de avaliación deste tipo de proxectos.

Con data 27 de xaneiro de 2012 publicouse o Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Informa o vicerreitor da autorización dada polo reitor para os nomeamentos de profesores da UDC como membros de equipos de coordinación da ANEP e xestores do Plan Nacional: Nieves Rodríguez Brisaboa (Informática), Carlos Vázquez Cendón (Matemáticas) e Santiago Hernández (Enxeñaría Civil e Arquitectura).

Con data 3-2-2012 reuniuse o Padroado de BUGalicia. Durante esa xuntanza, a que non asistiron os representantes da Xunta por considerar que a vixencia do convenio estaba finalizada, informouse das importantes restricións orzamentarias debido á diminución da achega da Xunta. Así mesmo renovouse a presidencia de BUGalicia que, en función da quenda rotatoria, recaeu no vicerreitor de Investigación e Transferencia da UDC.

En relación co punto anterior, as tres universidades do SUG e a propia BUGalicia comezaron a finais do ano 2012 contactos coas editoriais maioritarias das publicacións periódicas a que están subscritas as tres universidades a través de BUGalicia. Como consecuencia dos recortes orzamentarios, estase barallando a baixa na subscrición dun milleiro de publicacións periódicas de *Elsevier*, retendo unas novecentas publicacións que constitúen a colección nuclear de Elsevier en BUGalicia. Outro recorte importante prodúcese en *Springer*, onde se baralla a continuación da subscrición dunhas 50 revistas por parte da UDC. Estas serían parte dun paquete dunhas 200 revistas con acceso cruzado desde as tres universidades. As (duras) negociacións con Springer están a continuar nestas mesmas datas.

Con data 8-2-2012 publicouse a orde de bases das convocatorias de grupos de referencia competitiva, os grupos con potencial de crecemento, as redes



de investigación e as agrupacións estratéxicas da Xunta de Galicia. Proximamente publicarase a correspondente convocatoria.

Con data 9-2-2012 os presidentes saínte (vicerreitor de Economía da UVigo) e entrante (VIT da UDC) do Padroado de BUGalicia reuníronse co secretario xeral de Universidades da Xunta de Galicia en relación coa contribución da Xunta de Galicia para o consorcio BUGalicia.

Finalmente, o vicerreitor de Investigación e Transferencia desexa facer constar o seu recoñecemento da excepcional calidade profesional e humana do profesor Víctor Gulías, coordinador do CITIC desde a súa creación, que finou o pasado día 28 de xaneiro. O entusiasmo e a capacidade de traballo do profesor Gulías fixeron do CITIC a realidade que hoxe todos coñecemos. A consolidación das boas perspectivas de futuro do CITIC serán un bo xeito de honrar a memoria do profesor Gulías.

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías toma a palabra para informar de que hoxe mesmo chegou documentación sobre varios títulos pendentes de verificación. Púxose en marcha a primeira convocatoria de sinatura electrónica das actas, proba piloto avanzada para poder testar a fiabilidade da nova aplicación de sinatura electrónica sobre as titulacións non adaptadas ao EEES. 60 profesores van participar neste programa.

O vicerreitor de Profesorado informa sobre o estado da elaboración da RPT do PDI, que se atrasou por diversas circunstancias. Os departamentos revisaron até o día 3 de febreiro os erros, e agora cómpre levalo á mesa sindical e á COAP de cara ao vindeiro Consello de Goberno. Informa tamén das prazas de PDI contratado, que figuran como **anexo III**, convocadas polo procedemento de urxencia: Interino P03 de Filoloxía Románica. Interino P06 para a Área de Expresión Gráfica Arquitectónica, por renuncia dun profesor. Contratado interino de Enerxía e Propulsión Mariña para cubrir uns servizos especiais. Unha praza de asociado para a área de praza de Farmacoloxía.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa dos expedientes de imputación de gasto aprobados pola última Comisión de Asuntos Económicos.

A xerente informa que o pasado día 30 de xaneiro tomaron posesión os 6 aspirantes que superaron os procesos selectivos de axudantes de biblioteca, 3 deles pola quenda de promoción interna e 3 pola quenda libre. Así mesmo o día 31 tomaron posesión 13 dos 15 aspirantes que superaron o



proceso selectivo de auxiliares técnicos de biblioteca, as dúas tomas de posesión pendentes están en prazo, polo que se agarda que se producirán nos vindeiros días.

A continuación, toma a palabra o secretario xeral, para informar da aprobación dos convenios-tipo de prácticas, anunciados no pasado Consello de Goberno do 20 de decembro 2011, e que están publicados na web desde comezos de ano. Trátase de dous convenios tipo, o de prácticas curriculares e extracurriculares, que se adaptan ao previsto no Real decreto 1707/2011, do 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, e que entrou en vigor o día 12 de decembro.

En segundo lugar, o secretario xeral informa da convocatoria de dous procesos electorais, que se integran no punto 5 e 6 da orde do día. Trátase da cobertura da representación do PDI do Consello de Goberno no Consello Social, que até xaneiro desempeñou Luis Barral, e da cobertura de varios postos vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno.

Rematado o trámite de presentación de candidaturas, presentáronse as seguintes:

a) Representación do PDI do Consello de Goberno no Consello Social: Ricardo Cao Abad.

b) Comisións delegadas:

1. Comisión de Investigación (ámbito de ensino técnico): Alberto Valderruten Vidal e Ignacio Colominas Ezponda

2. Comisión de Asuntos Económicos: Xurxo Dopico Calvo

3. Comisión de Extensión Universitaria: Ana Iglesias Galdo e Pedro Gil Manso

4. Comisión de Plans de Estudo: Fernando Agrasar Quiroga e Pedro Nogueira López

Isto obriga a facer votación para a elixir os membros das Comisión de Investigación e Plans de Estudo.



2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria de 20 de decembro de 2011

Tras a lectura da acta, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, apróbase por asentimento.

Apróbase por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo IV**, que se clasifican nesta ocasión nun convenio marco (1), vinte e sete convenios específicos (27) e trinta e sete convenios para prácticas (37) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Fanse, no entanto, dúas correccións de erros: introdúcese a addenda ao convenio da CRUE coa Fábrica Nacional, e suprímese o convenio de prácticas n.º 9.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Concesión da Medalla de Ouro ao doutor don José María Barja Pérez

De conformidade coa documentación achegada, o reitor expón que o Regulamento de símbolos, honras e protocolo da UDC, aprobado polo Consello de Goberno o 22 de xullo de 2005, faculta este órgano para conceder a Medalla de Ouro da Universidade.

Segundo se establece no seu artigo oitavo, a Medalla de Ouro da Universidade da Coruña resérvase para homenaxear as persoas físicas ou xurídicas que, ben polos seus relevantes servizos á UDC, ben pola súa actividade docente, científica, social ou cultural, sexan especialmente merecedoras desta distinción.

De conformidade co establecido na normativa, que lle outorga ao reitor a facultade de propor a concesión da Medalla de Ouro, Xosé Luís Armesto



somete á aprobación do Consello de Goberno a proposta de que se lle outorgue esta distinción ao profesor D. José María Barja Pérez, como recoñecemento da comunidade universitaria polos servizos prestados á Universidade da Coruña como reitor durante oito anos (2004-2011).

Entre outros logros da súa xestión, exemplar desde o punto de vista económico, cómpre lembrar que, ao longo dos seus dous mandatos consecutivos, o profesor Barja afrontou con éxito o complexo proceso de adaptación da oferta educativa dos nosos centros ao Espazo Europeo de Educación Superior e impulsou a creación do Parque Tecnolóxico da UDC. Estes dous importantes fitos do seu mandato, especialmente salientables na configuración da oferta docente e científica da Universidade da Coruña, abondarían para facelo merecente da Medalla de Ouro, mais o reitor coída particularmente relevante a pegada de transparencia, estabilidade e capacidade de integración con que desenvolveu a súa xestión, movido sempre por unha clara vocación de servizo público, pola defensa da universidade pública e polo artellamento dun sistema universitario galego cohesionado, imprescindible para o desenvolvemento de Galicia.

O Consello de Goberno aproba por asentimento a proposta que figura no **anexo V**, coa abstención de Xosé Portela e concede a Medalla de Ouro ao doutor don José María Barja Pérez.

5. Elección do representante do PDI no Consello Social

Sendo candidato único Ricardo Cao Abad, vicerreitor de Investigación e Transferencia, procédese á súa proclamación como electo.

6. Elección de membros das Comisións delegadas do Consello de Goberno

Realízanse votacións na Comisión de Investigación e na Comisión de Plans de Estudo, por haber dous candidatos para cubrir un só posto.

Realizada a votación, o resultado foi o seguinte:

Comisión de Investigación (sector profesorado do ámbito tecnolóxico):

- Colominas Ezponda, Ignasi: 8 votos
- Valderruten Vidal, Alberto: 24 votos
- Votos en branco: 2



Comisión de Plans de Estudo:

- Agrasar Quiroga, Fernando: 28 votos
- Nogueira López, Pedro: 7 votos

Quedan proclamados membros electos, respectivamente, da Comisión de Investigación e da Comisión de Plans de Estudo, Alberto Valderruten Vidal e Fernando Agrasar Quiroga, segundo a documentación que figura no **anexo VI**.

7. Participación da UDC no Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial

O vicerreitor de Investigación e Transferencia toma a palabra para expoñer a oportunidade de participar na creación deste Instituto Tecnolóxico, de conformidade coa documentación achegada aos membros do Consello de Goberno e que figura como **anexo VII** desta acta.

Apróbase por asentimento do Consello de Goberno.

8. Aprobación de programas de doutoramento

Trátase dos programas de Nanomedicina e **doutoramento do* Mar**, ambos interuniversitarios, cuxo contido resume o vicerreitor de Investigación e Transferencia, de conformidade coa documentación que figura nos Anexos **VIII e IX** respectivamente

Apróbanse por asentimento.

9. Títulos propios de posgrao

Apróbase por asentimento o título propio de Coaching Persoal e Executivo, cuxa documentación figura no **anexo X**.

10. Limitación de prazas nas titulacións da UDC para o curso 2012-2013

O reitor explica que se tratará de aprobar coa maior antelación o PDA e o POD, para podermos planificar mellor a actividade docente e a nosa oferta académica.



Toma a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para expor o cadro remitido coa documentación do Consello e que figura como **anexo XI**. Respecto do Grao en Ciencias Empresariais, indica que a baixada non é real, por reservarse agora 30 prazas para a dupla titulación con turismo. Respecto do grao en Enxeñaría e Obras Públicas (o centro propuxo baixar a 100 prazas) e o grao en Enxeñaría Informática (o centro propuxo baixar a 210 prazas), a Comisión de Plans de Estudos propuxo manter a oferta en 120 e 260, respectivamente (220+40 prazas para o curso de adaptación en Enxeñaría Informática). Nos graos de Documentación e Humanidades elevan a súa oferta a 45 prazas polo Decreto de titulacións.

Na quenda de intervencións, Ana Barxa indica que os Comités están en contra dos límites de prazas, polo que solicita que non se baixe a oferta. O reitor aclara que a proposta non baixa os límites de prazas e que a Xunta obriga polo Decreto de titulacións a pór un límite de prazas.

Manuel Casteleiro explica as razóns de solicitar unha baixada de 20 prazas na oferta do grao de Enxeñaría de Obras Públicas. Solicita que se manteñan as 100 prazas e se sumen as 30 prazas do curso de adaptación.

Portela súmase ao voto negativo da compañeira dos Comités.

Apróbase a proposta por dous votos en contra e unha abstención.

11. Prazas de profesorado

O vicerreitor de Profesorado expón a razón da praza de asociado de segundo cuadrimestre para o MAXE, que conta con todos os informes favorables.

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo XII**.

12. Prazas de PDI contratado

Expón igualmente a praza de axudante doutor na Área de Dereito Civil, por renuncia dun profesor asociado e unha bolsreira Ángeles Alvariño, e a redución docente da profesora Natalia Álvarez Lata.

Solicita a aprobación dunha praza de promoción dunha axudante doutora a contratado doutora, Área de Socioloxía.

Apróbanse por asentimento segundo figuran no **anexo XIII**.



13. Proposta do Programa de promoción do PDI acreditado

De conformidade co programa de promoción aprobado en 2008, apróbase por asentimento o cadro que se achega como **anexo XIV**. Todos os acreditados cumpren os requisitos, agás un.

O profesor Castedo toma a palabra para subliñar que a denegación de promoción do profesor Arsenio Ferraces con base na insuficiencia dos sexenios é inxusta e non razoable, polo que solicita que se revise.

O reitor di que está aberto a recibir propostas para modificar ese criterio, mesmo por parte do vicerreitor de Profesorado, que poidan mellorar a posición da institución.

O profesor Casteleiro indica que, como ten dito xa noutras ocasións, pode haber outros criterios que haberá que considerar para conceder as cátedras de promoción. Solicita que haxa sensibilidade para cambiar eses criterios, ante os tempos de incerteza que se aveciñan.

Apróbase por asentimento.

14. Proposta de aprobación de tribunais de prazas de PDI funcionario

O vicerreitor expón os tribunais propostos para esas prazas de promoción, coas modificacións necesarias para adaptalos ás regras de paridade de xénero no caso do tribunal de Alejandro Quintela del Río.

Apróbanse por unanimidade segundo figuran no **anexo XV**.

15. Venias docentes

Expóñense dúas solicitudes, que figuran como **anexo XVI**, unha con informe favorable (Sara Moss) do Departamento de Filoloxía Inglesa e outra con informe desfavorable (Ramón García Mateo) do Departamento de Socioloxía, docencia en Socioloxía do Consumo.

Concédeselle a venia docente a Sara Moss, e non se lle concede a Ramón García Mateo.

16. Modificación do Regulamento da Oficina de Igualdade de Xénero



A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social expón a modificación do artigo 7 do Regulamento da Oficina, como consecuencia da modificación da estrutura orgánica.

Portela di que se cambiou a Oficina de Igualdade, e pregunta por que.

Replica a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

O reitor aproveita para solicitar do Consello de Goberno a facultade de adaptar as normativas propias ás modificacións da estrutura orgánica de vicerreitorías, dando conta ao Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo XVII**

17. Quenda aberta de intervencións

O reitor inicia a quenda aberta de intervencións, en que solicitan intervir os seguintes membros:

O profesor Xabier de Salvador solicita unha explicación pola supresión de revistas, pois ao seu entender non se comunicou axeitadamente. Afirmar que o procedemento de supresión non respectou a opinión das Comisións de Bibliotecas. Tamén solicita explicacións polo nomeamento do director da Escola de Doutoramento, e se é un centro ou un servizo.

O vicerreitor de Investigación indica que o problema provén da marcha da Xunta de BUGALICIA, coa retirada de fondos correspondente, aínda que se está tratando de que paguen a anualidade de 2011. Indica que as propostas e as decisións viñeron da comisión central de bibliotecas, onde están representados todos os centros. Tamén di que as negociacións están sendo duras, porque as editoriais non queren baixar os prezos.

A profesora María Jesús Manso pregunta se a UDC vai publicar unha convocatoria con fondos propios para aqueles proxectos que non gañen en convocatorias estatais ou autonómicas en concorrencia competitiva. Tamén di que recibiu un escrito do vicerreitor de Investigación e Transferencia pedindo un representante do seu departamento na comisión que ha de redactar o prego de condicións para o mobiliario do CICA. Di que é a primeira vez que oficialmente lle consta a existencia do CICA.

O vicerreitor replica que a intención do Equipo de Goberno é pór fondos propios para investigación de grupos en programacións plurianuais



unificadas, que reúnan as liñas de financiamento doutras partidas. Respecto do mobiliario do CICA, é unha solicitude aos departamentos e aos centros para que poidan facer suxestións para amoblar o CICA. O vicerreitor di que os fondos de amoblamento son fondos estatais, polo que hai que ser extremadamente áxil para cumprir os prazos de xustificación.

Francisco Alonso Tajés agradece a postura da Vicerreitoría de Profesorado en defensa da compatibilidade dos profesores asociados da área sanitaria. Di que non entende a postura da Xunta.

Miguel Muñoz pregunta sobre o procedemento de amortización de prazas, en concreto sobre a cátedra de Alfonso Barca. O reitor explica cal é o procedemento de modificación da RPT, indicando que estamos xustamente no proceso de “sacar a foto” da RPT a 31 de decembro. E indica que si, que a cátedra foi amortizada.

Luis Castedo pregunta sobre a matrícula gratuíta no curso 2010-2011 e o seu cómputo como axuda en especie, sobre todo pola consecuencia no salto do IRPF. Di que tería sido mellor informar e facer unha rateo. Agarda que se faga mellor no futuro. O reitor replica que se trata dunha regularización dunha situación de que si se deu conta en reunións anteriores do Consellos de Goberno, e de cuxo cómputo como salario en especie é responsable a Consellaría de Facenda. A xerente replica que o pagamento en decembro era inevitable.

Manuel Graña agradécelle o nomeamento ao reitor e pregunta se existe *numerus clausus* no acceso aos cursos de adaptación do grao de Enxeñaría Industrial.

José Manuel Sobrino Heredia solíctalle ao equipo reitoral unha maior axilidade na tramitación dos proxectos e na identificación de quen é responsable dos trámites técnicos en cada caso.

O representante do PAS Xosé Portela pregunta pola matrícula gratuíta. Segundo el, o curso que se pasou a cobrar é o 2010-2011, cando aínda non estaba trasladado ao capítulo I a contía da acción social, polo que di pode ser ilegal. A Xunta declarou inviable o proxecto público de residencia, polo que considera que hai que ter unha resposta. Avisa de que na Facultade de Ciencias da Educación se vai constituír a plataforma unitaria pola universidade pública, mañá ás 17:00 h.



A estudante Ana Barxa pide que se lles teñan en conta as súas alegacións ao borrador de Lei de universidades.

Amelia Fraga solicita máis espazos de traballo en grupo na Facultade de Ciencias da Educación, e unha maior sensibilidade na conciliación da vida laboral coa académica. Sinala tamén unha errata no documento 8.1, p. 5 Campus de Bastiagueiro. O reitor replica que se están facendo esforzos no centro para optimizar os espazos comúns de cara aos traballos en grupo. A vicerreitora de Estudantes di que vai haber unha reunión coa Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para avaliar alternativas na conciliación laboral e académica.

A xerente, María Xesús Grela Barreiro, pecha a quenda transmitindo o seu agradecemento persoal aos membros do Consello de Goberno e aos membros do equipo de goberno saínte e entrante, así como aos servizos situados baixo a súa dependencia, durante todo o tempo que tivo a honra de exercer o posto de xerente da Universidade da Coruña.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 h, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito